

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------------------|---------------------------|-------------------------|------------------------------------|------------------------|
| AFD | Actividades físicas e deportivas | CSAFD02 | Acondicionamento físico | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0017 | Habilidades sociais | 2024/2025 | 7 | 123 | 147 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MÓNICA LEMOS JORGE |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo intenta ofrecer a formación necesaria para que o alumnado adquira as habilidades sociais necesarias para desenvolver unha profesión, habilidades que tamén poden ser utilizadas para mellorar a convivencia fora do traballo.

Intentamos dar resposta ás funcións de intervención e de execución da competencia social; da avaliación da competencia social; e da xestión de conflitos:

- A función de intervención e execución abrangue a recollida de información acerca das habilidades sociais que se posúen ou das que se carece; a organización da actuación e a previsión de continxencias; o establecemento de axudas técnicas para mellorar a comunicación; e a posta en práctica das habilidades sociais adquiridas.
- A función de avaliación refírese ó control e seguimento da propia evolución na adquisición da competencia social necesaria para se relacionar axeitadamente coas demais persoas no desempeño das súas funcións profesionais.
- A función de xestión de conflitos fai referencia á posta en marcha de todos os mecanismos dispoñibles para a súa solución, e supón mediación e negociación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|---|--------------------|----------|
| 1 | Traballo a miña autoestima. Conceptos- definicións- clasificacións- test. | Trátase de facer unha introducción do módulo, así como traballar un pouco a autoestima do alumnado. | 10 | 10 |
| 2 | ¿Como podo mellorar a comunicación cos demais? Aprendo a relacionarme co meu entorno. | Analizamos os compoñentes das habilidades sociais . Proporcionamos pautas e estratexias para mellorar a competencia social. | 25 | 15 |
| 3 | Aprendo a dinamizar un grupo. A importancia do traballo en equipo. | Trátase de aplicar varias técnicas de dinamización en función das características, situación e obxectivos do grupo. | 25 | 15 |
| 4 | Condución de reunións: aprendo a dirixir e moderar reunións. | Trátase de analizaras formas e os estilos de intervención e de organización nas diferentes situacións ou reunións. | 20 | 15 |
| 5 | Estratexias de xestión de conflitos: aprendo a solucionar problemas. Aprendo a non crealos. | Analízanse diferentes contextos e apréndense diversas estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas. | 25 | 15 |
| 6 | Avaliación e autoavaliación: a miña competencia social evoluciona. | Trátase de avaliar e autoavaliar a competencia social, observando a súa evolución. | 15 | 10 |
| 7 | Tarefas de reforzo. | Propóñense diferentes tarefas onde se traballan contidos dos temas anteriormente definidos. | 15 | 10 |
| 8 | Inquietudes: autores, reflexións e debates. | Este tema ten contidos propostos pola profesora e polo alumnado. Trátase de debater temas de interese. | 12 | 10 |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | Traballo a miña autoestima.Conceptos-definicións-clasificacións-test. | 10 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social. |
| CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Habilidades sociais, competencia social e conceptos afíns. |
| Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | ¿Como podo mellorar a comunicación cos demais?Aprendo a relacionarme co meu entorno. | 25 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo. |
| CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións. |
| CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais. |
| CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información. |
| CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural. |
| CA1.8 Demostrouse interese por non vulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade. |
| CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede. |
| CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Relacións interpersoais e percepción social. |
| Programas e técnicas de comunicación e habilidades sociais. escoita activa, empatía, asertividade e autocontrol. |
| Intervencións en público: materiais de apoio. |
| Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación. |
| Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención. |

| Contidos |
|--|
| <p>Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal.</p> <p>Valoración comunicativa do contexto: facilitadores e obstáculos na comunicación.</p> <p>Valoración da importancia das actitudes na relación de axuda.</p> <p>Mecanismos de defensa.</p> |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 3 | Aprendo a dinamizar un grupo. A importancia do traballo en equipo. | 25 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar. |
| CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos. |
| CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual. |
| CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles. |
| CA2.5 Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal. |
| CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo. |
| CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo. |

Criterios de avaliación

CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.

4.3.e) Contidos
Contidos

Tipoloxía e características dos grupos. Desenvolvemento grupal.

OA confianza no grupo.

Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.

Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.

Análise da estrutura e dos procesos de grupos.

Técnicas para a análise de grupos.

Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.

Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.

Dinámicas de grupo. Fundamentos psicosociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.

Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.

Detección e análise de problemas no traballo en equipo.

Traballo individual e traballo en grupo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Condución de reunións: aprendo a dirixir e moderar reunións. | 20 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Descríbense os tipos de reunión e as funcións. |
| CA3.2 Descríbense as etapas do desenvolvemento dunha reunión. |
| CA3.3 Aplícanse as técnicas de moderación de reunións e xustifícase a súa aplicación. |
| CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso. |
| CA3.5 Descríbense os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución. |
| CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións. |
| CA3.7 Descríbiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións. |
| CA3.8 Aplícanse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión. |
| CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| A reunión como forma de traballo en grupo. |
| Tipos de reunións e funcións. |
| Etapas no desenvolvemento dunha reunión: preparación, inicio, desenvolvemento e finalización. |

| Contidos |
|--|
| Técnicas de moderación de reunións. |
| Identificación da tipoloxía das persoas participantes nunha reunión. |
| Análise de factores que afectan ao comportamento dun grupo: boicot e colaboración. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 5 | Estratexias de xestión de conflitos: aprendo a solucionar problemas. Aprendo a non crealos. | 25 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais. |
| CA4.2 Descríbense as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos. |
| CA4.3 Identifícanse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas. |
| CA4.4 Descríbense as fases do proceso de toma de decisións. |
| CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso. |
| CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos. |
| CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación. |
| CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.9 Planifícase a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso. |
| CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Valoración do conflito nas dinámicas grupais.</p> <p>Análise de técnicas de resolución de problemas.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.</p> <p>Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais.</p> <p>Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.</p> |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Avaliación e autoavaliación: a miña competencia social evoluciona. | 15 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación. |
| CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social. |
| CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida. |
| CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información. |
| CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos. |
| CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos. |
| CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar. |
| CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora. |
| CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Recollida de datos: técnicas. |
| Avaliación da competencia social. |
| Avaliación da estrutura e dos procesos grupais. |
| Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos. |
| Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos. |
| Sociometría básica. |
| Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 7 | Tarefas de reforzo. | 15 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo. | NO |
| RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto. | NO |
| RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto. | NO |
| RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora. | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo. |
| CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo. |
| CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo. |
| CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo. |
| CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación. |
| CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións. |
| CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos. |
| CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación. |
| CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso. |
| CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións. |
| CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida. |
| CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>0A confianza no grupo.</p> <p>Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.</p> <p>Dinámicas de grupo. Fundamentos psicosociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.</p> <p>Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.</p> <p>Detección e análise de problemas no traballo en equipo.</p> <p>Traballo individual e traballo en grupo.</p> <p>Técnicas de moderación de reunións.</p> <p>Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.</p> <p>Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais.</p> <p>Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.</p> <p>Avaliación da competencia social.</p> <p>Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.</p> <p>Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.</p> |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 8 | Inquietudes: autores, reflexións e debates. | 12 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo. | NO |
| RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto. | NO |
| RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto. | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo. |
| CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo. |
| CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo. |
| CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación. |
| CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións. |
| CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos. |
| CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación. |
| CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións. |
| CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións. |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Valoración do papel da motivación na dinámica grupal. |
| Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia. |
| Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas. |
| Detección e análise de problemas no traballo en equipo. |
| Traballo individual e traballo en grupo. |
| Técnicas de moderación de reunións. |
| Valoración do conflito nas dinámicas grupais. |
| Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación. |
| Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais. |
| Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos. |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

| |
|--|
| <p>MÍNIMOS EXIXIBLES:</p> <p>O alumnado deberá alcanzar unha cualificación de 5 sobre 10 tendo moi presentes os criterios de cualificación.</p> |
| <p>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:</p> <p>1.- Avaliación ordinaria.</p> <p>Realizaranse probas escritas, teórico-prácticas e/ou audiovisuais baseadas nos C.A. dos R.A. do currículo. Destacamos:</p> <p>Traballos baseados nos contidos do módulo.</p> <p>Exames (no caso de perda de avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia non xustificadas)</p> <p>Ponencias/exposicións de traballos.</p> <p>Exposicións e traballos para presentar no centro educativo. Cartelería variada de temática relacionada co módulo.</p> <p>Participación/dirección/moderación de debates.</p> |

Dirección de reunións (convocatorias e actas oficiais).
Dirección de dinámicas de grupo.
Resolución de conflitos.

O ritmo das tarefas-traballo, etc. realizadas virá marcado polo alumnado. Unha vez saibamos o número de exposicións, traballos ou tarefas realizadas en cada avaliación informarase do valor de cada traballo e da ponderación utilizada para poder poñer a nota en cada avaliación.

Valoraremos o traballo que o alumnado realice para axudar a outr@s compañeir@s con carencias ou problemas no momento de realizar os traballos.

ATENCIÓN: CONTROLARASE A PUNTUALIDADE, A ASISTENCIA, A PARTICIPACIÓN ACTIVA E A ACTITUDE HACIA O MÓDULO, COMPAÑEIROS E PROFESORA

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación ó longo do curso:

Durante o curso realizaranse varias probas de recuperación (exames, traballos e/ou debates...) dirixidas a reforzar e recuperar os temas xa expostos na clase.

O alumnado que non supere o módulo despois da primeira avaliación poderá realizar dous traballos ou un exame teórico da materia explicada nesa avaliación. Ó voltar do Nadal @ alumn@ terá que poñerse en contacto coa profesora para determinar os temas dos traballos así como a data de entrega e/ou consensuar o día para realizar o exame teórico.

No caso de que en marzo -abril (antes da FCT) algún alumn@ teña algunha avaliación suspensa a profesora marcará unha data para realizar un exame de recuperación da materia.

Terceira avaliación. Durante os días que marque a lei, según indicacións de xefatura, a profesora convocará ó alumnado afectado para asistir as titorías/reunións/clases de reforzo para resolver dúbidas e concretar datas de recollida de traballos, exposicións, etc. Realizarase un exame na data que indique xefatura.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A carga lectiva deste módulo é de 123H (147 sesións). A falta de asistencia non xustificada de máis do 10% da carga lectiva supón a perda da avaliación continua. Neste caso poderase facer unha ÚNICA proba extraordinaria. O alumnado poderá elixir facela antes das FCT (MARZO -ABRIL) ou en XUÑO. O calendario de exames estará publicado según indique xefatura.

Esta proba dividírase en dous apartados:

1.- PROBAS ESCRITA, TEÓRICO-PRÁCTICA E/OU AUDIOVISUAL (Presencial) ----- 50%

2.- ELABORACIÓN E EXPOSICIÓN (PRESENCIAL) DUN TRABALLO E/OU ENTREVISTA COA DOCENTE:

- Consensuar o tema da exposición coa profesora.

- Imprescindible expoñelo e entregalo en papel.

- A entrevista terá temática variada e relacionada cos contidos do módulo.

- Haberá que responder con corrección ás preguntas da docente -----50%

¡ATENCIÓN!

É IMPRESCINDIBLE SUPERAR OS DOUS APARTADOS

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Centrarase nos seguintes puntos:

1.- Comparación entre os obxectivos plantexados e o resultado final conseguido.

2.- Realización dunha memoria onde se resalten os puntos básicos a modificar/reforzar/mellorar na programación.

Realizarase un seguimento da programación mediante esta mesma plataforma.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:

Basearase na seguinte premisa:

Valoración por parte do alumnado mediante a realización dunha enquisa anónima ou procedemento similar en relación o desenvolvemento do módulo (exposicións, tarefas, traballo en grupo, ponencias, debates, actuación da docente...).

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Centrarémonos, fundamentalmente, en dúas formas de recoller información:

- A primeira, o inicio do curso, onde o alumnado enche unha ficha reflexando a súa experiencia no ámbito do acondicionamento físico, así como os seus coñecementos sobre habilidades sociais.
- A segunda, o alumnado realiza unha serie de test e tarefas para o autoconhecimento e comparte os datos que considere oportunos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No momento que se detecte que algún alumn@ non responde ós obxectivos programados realizaranse:

- Titorías de reforzo (falarase, de forma individual con cada alumn@ para ver como se pode solucionar o problema). Resolveranse dúbidas, e daranse tarefas complementarias (se fora necesario, para reforzar o traballo realizado na aula).
- Engadirase máis información na aula virtual: bibliografía, tarefas, etc.
- Probas e traballos teóricos (no caso de que as tarefas plantexadas na aula non chegaran).

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Este módulo está moi relacionado coa educación en valores. CONTIDOS COMO:

- A autoestima.
- O esforzo e a constancia como medios para conseguir os obxectivos: hábitos.
- O traballo cooperativo.
- A empatía.
- A asertividade.
- A comunicación.
- A defensa dos dereitos humanos.
- A resolución de conflitos.

- O respecto ás normas consensuadas.

- A resiliencia, etc

Son contidos específicos do módulo de habilidades sociais, creándose neste módulo un ambiente óptimo para a educación en valores.

Analizaranse os diversos tipos de comportamento: inibidos, agresivos e asertivos, buscando sempre unha resposta asertiva para cada situación.

Un dos temas do módulo para profundizar será a xestión de conflitos e a búsqueda de solucións a situacións complicadas. Entre elas podemos destacar o BULLING (no centro escolar) ou o ACOSO NO CENTRO DE TRABALLO (MOBBING). Daranse ferramentas para identificalos e poder loitar contra eles. En ocasións intentaremos resolver conflitos surxidos na aula, incluíndo os problemas que en ocasións parten doutras clases e con outro profesorado.

Daranse ferramentas para a defensa dos dereitos de autor: elaboración correcta de bibliografías, realización de reseñas puntualizando as fontes utilizadas, etc.

Buscamos que o alumnado sexa crítico e autocrítico, proactivo, defensor de valores, empático e resiliente, que teña conciencia social, que saiba defender os seus dereitos pero que tamén sexa consciente das súas obrigas e responsabilidades e que sexa capaz de aportar en positivo na sociedade na que está inmerso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Realización de conferencia/as e/ou charla/as con ponentes do centro ou de fora do centro.

- Saídas ó medio natural máis cercano para realizar dinámicas de grupo.

- Saídas a congresos e/ou conferencias (opcional).

- Cartelería e/ou exposicións para o instituto.

- Dinámicas con diferentes sectores da poboación e/ou con alumnado do instituto (opcional).

Estas actividades intentaranse realizar, na medida do posible, conxuntamente co curso 2AF A.

10. Outros apartados**10.1) Organización espacio-temporal.**

Este módulo ten unha carga lectiva de 123 horas (147 sesións de 50 minutos), repartidas en dous trimestres.

A distribución semanal queda da seguinte maneira: tres días dúas sesións de 50 minutos; un día unha sesión de 50 minutos. Un total de sete sesións semanais.

Os espazos a utilizar serán:

- A aula de referencia do curso 2º AF B.
- O salón de actos (para exposicións e charlas).
- O pavillón, sala fitness ou patio cuberto (para prácticas/dinámicas puntuais).
- Espazos naturais preto do centro (para tarefas prácticas).

10.2) Temporalización dos contidos.

A orde das U.D. quedará reflexada na aula virtual.

Intentarase dar 3 temas na primeira avaliación e outros 3 na segunda avaliación.

Os dous últimos temas (de tarefas de reforzo e debates) trataranse nos dous trimestres. según as necesidades e intereses do alumnado.